



ACTA DE CONSTITUCION DA MESA PARA A CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRO DE "CONTROL DE ACCESOS A CASCO HISTORICO DE TUI". SOBRE 2 - PROPOSTA ECONOMICA.

Na Casa Consistorial do Concello de Tui e ás nove horas e trinta minutos do día 11 de novembro de 2013, constitúese a correspondente MESA DE CONTRATACION, presidida por D. Moisés Rodríguez Pérez, actuando como vogais, o interventor do concello D. Aitor Iglesias Monzón, a secretaria do concello Dª Irene Suárez López, o concelleiro de facenda e patrimonio D. Marcelino E. Cendón Vázquez, o concelleiro de conxunto histórico e rehabilitación, deportes, xuventude e medios de comunicación D. Nicolás Lorenzo Montes, o aparelador municipal D. José María Melero González, actuando de secretaria da Mesa a funcionaria Dª María Jesús Blanco Martínez.

1º.- Pola Secretaria se da conta da Acta da Mesa de Contratación realizada con data 7 de novembro 2013 de apertura do **sobre 1 - documentación administrativa**- das empresas presentadas:

- SERVICIOS Y TECNICAS CASAMORE, SL, con enderezo en r/ Juan Florez, nº 8-1º, 15004 A Coruña.

- TECNOLOGÍAS PLEXUS, S.L., con enderezo en r/ José Villar Granjel, nº 22-24 Pol. Boisaca, 15890 Santiago de Compostela.

A Mesa de Contratación, á vista da documentación aportada polas empresas e requisitos esixidos na licitación, acorda admitir ás dúas empresas presentadas.

2º.- A continuación, pola Presidencia se procede á apertura das proposicións económicas presentadas polos licitadores, que son:

- Servicios y Técnicas Casamore, S.L., que ofrece un prezo base de 49.361,29€ e 10.365,87€ de IVE, o que suma un total de 59.727,16€ pola realización do contrato.

- Tecnologías Plexus, S.L., que ofrece un prezo base de 35.649,06€ e 7.486,30€ de IVE, o que suma un total de 43.135,36€ pola realización do contrato.

De conformidade co prego de cláusulas administrativas aprobado o criterio de adxudicación do contrato consiste na baixa do prezo de licitación, ata un máximo de 10 puntos.

Orzamento de licitación do contrato: Base: 54.845,88€. IVE: 11.517,63€. Total: 66.363,51€.

Táboa - Valoración de propostas económicas:

Empresa	Prezo ofertado	Baixa económica	%
Servicios y Técnicas Casamore, S.L.	49.361,29€	5.484,59	10
Tecnologías Plexus, S.L.	35.649,06	19.196,82	35

O prego de cláusulas administrativas que rexe a contratación, na cláusula 14º, establece entre outros aspectos que (...) "*Considerarase, en principio, como desproporcionadas ou anormais as ofertas que se encontren nos seguintes supostos:*

(...) - *Número de ofertas: 2. Unha das ofertas resulta temeraria se é inferior a outra en máis dun 10%. (...) Serán criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta e en función da documentación que presente o adxudicatario no trámite de xustificación da oferta, ou na documentación xa presentada, os seguintes:*

1º.- *Axeitada xustificación dos prezos ofertados.*

2º.- *Relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada."*

En base ao indicado anteriormente, os membros da mesa de contratación expresan a existencia de oferta anormal ou desproporcionada da empresa Tecnología Plexus, S.L.

A cláusula referida anteriormente se deberá completar co recollido no artigo 152.3 do TRLCSP, que indica: "(...)3.- *Cuando se identifique una proposición que pueda ser considerada desproporcionada o anormal, deberá darse audiencia al licitador que la haya presentado para que justifique la valoración de la oferta y precise las condiciones de la misma, en particular en lo que se refiere al ahorro que permita el procedimiento de ejecución del contrato, las soluciones técnicas adoptadas y las condiciones excepcionalmente favorables de que disponga para ejecutar la prestación, la originalidad de las prestaciones propuestas, el respeto de las disposiciones relativas a la*

protección del empleo y las condiciones de trabajo vigentes en el lugar que se vaya a realizar la prestación, o la posible obtención de una ayuda de Estado. En el procedimiento deberá solicitarse el asesoramiento técnico del servicio correspondiente".

Á vista do anterior e co obxecto de determinar se a oferta presentada por Tecnología Plexus, S.L. poidese ser desproporcionada ou anormal, e tendo en conta a regulación establecida ao efecto nos artigos máis arriba transcritos, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos membros presentes ACORDA:

Primeiro.- Solicitar á empresa Tecnología Plexus, S.L., con enderezo r/ José Villar Granjel, nº 22-24 Pol. Boisaca, 15890 Santiago de Compostela, xustificación da viabilidade da proposta económica presentada no tocante á axeitada xustificación dos prezos ofertados e relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada."

Segundo.- Outorgar un prazo de cinco días hábiles ao licitador ao efecto de presentar a xustificación solicitada.

Terceiro.- Unha vez remtado o prazo, remitir a oferta e xustificación presentada ao aparelador municipal para a emisión do informe ao que fai referencia o art. 152.3 do TRLCSP.

De seguido se estende a presente acta, que trala súa lectura é asinada por tódolos asistentes, do que eu secretaria, dou fe.

A MESA DE CONTRATACION.

O ALCALDE

A SECRETARIA DA MESA

Asdo: Moisés Rodríguez Pérez

Asdo. M^a Jesús Blanco Martínez

VOGAIS:

O INTERVENTOR

A SECRETARIA DO CONCELLO.

Asdo: Aitor Iglesias Monzón.

Asdo: Irene Suárez López.

O CONCELLEIRO DE FACENDA E PATRIMONIO

O CONCELLEIRO DE CONXUNTO HISTORICO

Asdo. D. Marcelino E. Cendón Vázquez

Asdo. Nicolás Lorenzo Monrtes.

O APARELLADOR MUNICIPAL

Asdo. José María Melero González.



EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 – 36700 – Tui

Teléf.: 986 603 625 – Fax: 986 604 148

